

RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 16 DE DECEMBRO DE 2011.

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 13/11, do 25 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.301 á nº 21.100, de 2011.

3.- Proposición da Presidencia sobre modificación do representante da corporación no organismo Fundación Privada Democracia e Goberno Local.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

4.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011 novena fase integrado polo proxecto: DP 7504 Castelo a Carnoedo PQ. 0-1,38 (Sada).

5.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2011, sexta fase: senda peonil DP 3203 Curtis a Raia PQ 0+33 a 0+79; senda peonil na DP 2703 Figueira a Pte. Cabalos PQ 00,-0,6; Senda peonil na DP 9002 A Golada-Betanzos-Mezonzo 0-1,2.

6.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2011, 5ª fase, integrado polo proxecto: Reforzo do firme na DP 1201 Rodiño a Codeso por Boqueixón.

7.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2007, 7ª fase, integrada polo proxecto: senda peonil en Vilar da Torre na DP Vilar da Torre-Ceilán (A Baña).

8.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2011, 6ª fase, integrado polo proxecto: Mellora de accesibilidade na DP 3612 Aneiros á Cabana PQ 0,8-1,0 e DP 3608 Serantes a Doniños PQ 0-1,2.

9.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2011, 8ª fase, integrado polos proxectos: DP 1704 Ponte de Cela a Lema PQ 0,63-2,32; senda peonil na DP 3404 Serra de Outes a Dumbría, PQ 10,87-11,64 Mazaricos; senda peonil na DP 8401 A Tablilla ó Agro do Mestre por Pontepedra.

10.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011, décimo primeira fase, integrado polos proxectos: DP 3612 Aneiros- A Cabana PQ 0-0,82 e DP 3609 Os Corrás- A Malata PQ 0,92-1,53; DP 0701 Santiago a Sta. Comba PQ 6,5-11,7; DP 1914 Carballo a Portomouro PQ 28,8-29,1.

11.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011, décima fase, integrado polo proxecto:

Construción rotondas no Polígono de Sabón no vial 1 da DP 0509 rede viaria do Polígono de Sabón.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

12.-Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Toques para o financiamento da realización das obras de “Demolición lousa de formigón”, “Pavimentación en Foxo do Cabrito e outros”, “Abastecemento de auga do Acibadoiro, Casavella e A Gramela” e “Pavimentación camiño en Castelo (Paradela) e outros”.

13.-Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar a adquisición do predio Forno da Costa.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

14.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación camiños Figueroa, Montouto e Vizoño” do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010 co código: 10.2100.0002.0.

15.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Saneamento no Cepiño” do Concello de Betanzos, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2011. Código: 11.3300.0192.0.

16.-Aprobación da 4ª fase da anualidade 2011 do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

17.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento e depuración Senande e Os Muíños” do Concello de Muxía, incluída na 1ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009. Código 09.3300.0077.0.

18.-Ratificación da Resolución da Presidencia nº 21.955 do 28-11-2011 pola que se rectifica a modificación da distribución interna do financiamento da obra nº 165 do Concello de Paderne, incluída no Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

19.-Aprobación do orzamento xeral para o exercicio económico 2012 e bases de execución.

20.-Toma de coñecemento dos informes correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2011 do cumprimento pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) do artigo catro da Lei 15/2010 do 5 de xullo, de

modificación da Lei 3/2004 do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

21.-Toma de coñecemento do informe correspondente ao terceiro trimestre de 2011 do cumprimento polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña do artigo catro da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

22.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Aranga en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

23.-Toma de coñecemento das auditorías de control financeiro de subvencións: informe sobre actuacións pendentes do Plan de 2010 e situación do Plan de 2011. Consideracións máis relevantes.

24.-Aprobación do Proxecto rede Xiana 2.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

25.-Aprobación do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigramas 2012.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 13/11, DO 25 DE NOVIEMBRE.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 13/11, do 25 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 19.301 Á N° 21.100, DE 2011.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.301 á nº 21.100, de 2011.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO ORGANISMO FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL.

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), lle atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada.

Resultando que como consecuencia do acordo plenario do 29 de xullo de 2011, foi nomeado o deputado Don Manuel Rivas Caridad como representante da Corporación no organismo FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL e considérase a conveniencia de que o representante no citado organismo sexa o presidente da Deputación, D. Diego Calvo Pouso.

En consecuencia, PROPÓN AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Modificar o acordo plenario do 29 de xullo de 2011, nomeando como representante da Deputación na Fundación Privada Democracia y Gobierno Local ao presidente da Deputación, D. Diego Calvo Pouso no lugar de Don Manuel Rivas Caridad.”

4.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 NOVENA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: DP 7504 CASTELO A CARNOEDO PQ. 0-1,38 (SADA).

1º.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2011, novena fase, cun orzamento total de 154.541,61 euros integrado polo proxecto que a seguir de detalla

CÓDIGO	PRESUPOSTO	PROXECTO
11.1110.0011.0	154.541,61	DP 7504 CASTELO A CARNOEDO PQ. 0-1,38 (SADA)

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobado.

**5.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011, SEXTA FASE:
SENDA PEONIL DP 3203 CURTIS A RAIA PQ 0+33 A 0+79; SENDA PEONIL
NA DP 2703 FIGUEIRA A PTE. CABALOS PQ 00,-0,6; SENDA PEONIL NA DP
9002 A GOLADA-BETANZOS-MEZONZO 0-1,2.**

1º.- Aprobar o Plan de sendas peonís cun orzamento total de 343.444,33 euros que a seguir se detallan

DENOMINACION	PRESUPOSTO
SENDA PEONIL EN DP 3203 CURTIS A RAIA PK 0+33 0+79 CODIGO 11.1170.0008.0 CURTIS	104.560,66
SENDA PEONIL EN DP 2703 FIGUEIRA A PTE. CABALOS PK 0,-0,6 CODIGO 11.1170.0009.0 COIROS	110.541,26
SENDA PEONIL EN DP 9002 GOLADA-BETANZOS-MEZONZO 0-1,2 CODIGO 11.1170.0010.0	128.342,41
TOTAL	343.444,33

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

6.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, 5ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: REFORZO DO FIRME NA DP 1201 RODIÑO A CODESO POR BOQUEIXÓN.

1º.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011, 5ª fase, cun orzamento total de 16.637,52 euros que a seguir se detalla:

DENOMINACION	PRESUPOSTO
REFORZO DE FIRME DP 1201 RODIÑO A CODESO POR BOQUEIXON 11.1100.0030.0	16.637,52

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2007, 7ª FASE, INTEGRADA POLO PROXECTO: SENDA PEONIL EN VILAR DA TORRE NA DP VILAR DA TORRE-CEILÁN (A BAÑA).

1º.- Aprobar o Plan de sendas peonís, sétima fase, cun orzamento total de 50.358,64 euros, que se financiará con cargo á aplicación 0202/454B/60900 que a seguir se detalla

DENOMINACION	PRESUPOSTO
SENDA PEONIL EN VILAR DA TORRE EN DP VILAR DA TORRE-CEILAN (A Baña) CODIGO 11.1170.0011.0	50.358,64

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

8.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, 6ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA DP 3612 ANEIROS Á CABANA PQ 0,8-1,0 E DP 3608 SERANTES A DONIÑOS PQ 0-1,2.

1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011, sexta fase, cun orzamento total de 26.677,02 euros que se financiará con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que a seguir se detalla integrado polo proxecto

DENOMINACION	PRESUPOSTO
MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA DP 3611 ANEIROS A CABANA PK 0,8-1,0 E DP 3608 SERANTES A DONIÑOS PK 0-12 (FERROL) CODIGO 11.1100.0031.0	26.677,02

2.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobado.

9.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011, 8ª FASE, INTEGRADO POLOS PROXECTOS: DP 1704 PONTE DE CELA A LEMA PQ 0,63-2,32; SENDA PEONIL NA DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA, PQ 10,87-11,64 MAZARICOS; SENDA PEONIL NA DP 8401 A TABLILLA Ó AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA.

1.- Aprobar o Plan de sendas peonís, oitava fase, cun orzamento total de 442.686,80 euros que se financiará con cargo á aplicación 0202/454B/60900 que a seguir se detallan

DENOMINACION	PRESUPOSTO
DP 1704 PONTE DE CELA A LEMA PQ 0.63 -2,32 CÓDIGO 11.1170.0012.0 CAMBRE	280.771,62
SENDAS PEONIL NA DP 3404 SERRA OUTES A DUMBRÍA PK 10,87 -11,64 MAZARICOS CÓDIGO 11.1170.0013.0	95.025,18
SENDAS PEONIL EN DP 8401 TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA CÓDIGO 11.1170.0014.0 TORDOIA	66.890,00
TOTAL	442.686,80

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

10.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, DÉCIMO PRIMEIRA FASE, INTEGRADO POLOS PROXECTOS: DP 3612 ANEIROS- A CABANA PQ 0-0,82 E DP 3609 OS CORRÁS- A MALATA PQ 0,92-1,53; DP 0701 SANTIAGO A STA. COMBA PQ 6,5-11,7; DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO PQ 28,8-29,1.

1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2011, décimo primeira fase, cun orzamento total de 541.920,68 euros que se financiará con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que a seguir se detallan

DENOMINACION	PRESUPOSTO
DP 3612 ANEIROS-CABANA PK 0-0,82 E DP 3609 CORRAS-MALATA PK 0,92-1,53 CÓDIGO 11.1110.0013.0	106.683,21
DP 0701 SANTIAGO A STA. COMBA PK 6,5 -11,7 CÓDIGO 11.1110.0014.0	309.040,35
DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO PK 28,8-29- 1 CÓDIGO 11.1110.0015.0	126.197,12
TOTAL	541.920,68

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

11.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, DÉCIMA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: CONSTRUCCIÓN ROTONDAS NO POLÍGONO DE SABÓN NO VIAL 1 DA DP 0509 REDE VIARIA DO POLÍGONO DE SABÓN.

1.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2011, décima fase, cun orzamento total de 263.591,00 euros que se financiará con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que a seguir se detalla

DENOMINACION	PRESUPOSTO
CONSTRUCCION ROTONDAS NO POLÍGONO DE SABÓN NO VIAL 1 DA DP 0509 REDE VIARIA DO POLÍGONO DE SABÓN 11.1110.0012.0	263.591,00

2.- Expor ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerácese definitivamente aprobado

12.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOQUES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE “DEMOLICIÓN LOUSA DE FORMIGÓN”, “PAVIMENTACIÓN EN FOXO DO CABRITO E OUTROS”, “ABASTECIMIENTO DE AUGA DO ACIBADOIRO, CASAVELLA E A GRAMELA” E “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO EN CASTELO (PARADELA) E OUTROS”.

Aprobar a modificación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Toques para o financiamento da realización das obras de “Demolición Lousa de Formigón”, “Pavimentación en Foxo do Cabrito e outros”, “Abastecemento de auga de Acibadoiro, Casavella e Gramela” e “Pavimentación camiño en Castelo (Paradela) e outros, cuxo convenio inicial foi formalizado o 23 de decembro de 2010 nº 380/2010, a solicitude do Concello de Toques modifícase da seguinte forma:

Aprobar o texto do convenio co Concello de Toques para financiar a realización das obras en camiños municipais

TÍTULO	PRESUPOSTO
ACCESO PISTA PARADELA	20.213,97
PAVIMENTACION EN FOXO DO CABRITO E OUTROS	36.738,37
ABASTECIMIENTO DE AUGA A ACIBADOIRO, CASAVELLA E GRAMELA	13.744,81
PAVIMENTACION CAMIÑO EN CASTELO (PARADELA) E OUTROS	79.302,86
TOTAL.....	150.000,01

13.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DO PREDIO FORNO DA COSTA.

Modificar o obxecto do convenio aprobado pola Resolución da Presidencia 27341 do 29-12-2010 “Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar a adquisición de dous predios “Fornos Tradicionais de Buño”

A citada modificación consiste na adquisición do predio do Forno da Costa cunha superficie de 526 m2 cunha achega da Deputación de 26.874,00 euros, o cal supón unha porcentaxe de financiamento do 76,71% que se imputará á partida 0202/334B/76201

14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS FIGUEROA, MONTOUTO E VIZOÑO” DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010 CO CÓDIGO: 10.2100.0002.0.

Aprobar o proxecto reformado da obra “Pav. Camiños Figueroa, Montouto e Vizoño” do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) anualidade 2010, co código: 10.2100.0002.0, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración da finalidade ou do obxecto desta, pero implica unha variación de trazado dun dos camiños que se ha pavimentar.

<u>Código</u>	<u>Denominación Concello</u>	Financiamento co 18% de IVE				
		<u>Deputación Fondos propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
10.2100.0002.0	Pav. Camiños Figueroa, Montouto e Vizoño (Abegondo)	33.565,54	32.474,21	16.184,93	4.486,00	86.710,68”

15.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SANEAMENTO NO CEPÍÑO” DO CONCELLO DE BETANZOS, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2011. CÓDIGO: 11.3300.0192.0.

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Saneamento no Cepiño” do Concello de Betanzos, que deseguido se indica, incluída na 1ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, anualidade 2011, co código: 11.3300.0192.0, que representa unha diminución no seu orzamento total xa que non se executan algunhas das partidas do proxecto aprobado inicialmente.

11.3300.0192.0		Saneamento no Cepiño (Concello de Betanzos)		
Axentes cofinanciadores	Proxecto inicial	Proxecto modificado	Diferenza	
Deputación f.p.	154.676,16	114.516,41	-40.159,75	
Concello	26.753,13	20.250,00	-6.503,13	
TOTAL	181.429,29	134.766,41	-46.662,88	

16.-APROBACIÓN DA 4ª FASE DA ANUALIDADE 2011 DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Vista a relación de actuacións que deseguido se indican, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado "Mandeo. Posta en valor das cuncas fluviais 1ª fase: Río Mandeo", financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a cuarta fase da anualidade 2011 do Proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que deseguido se indican, que serán contratadas por esta Deputación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2011
		Feder
		Deputac
		Total
11.2800.0056.0	Centro interpretación Chelo. Pr.Mandeo	521.528,00
		223.512,00
		745.040,00
11.2800.0057.0	Manipulación,almacén,distribución material Pr.Mandeo	7.000,00
		3.000,00
		10.000,00
T O T A L 4ª fase anualidade 2011		528.528,00
		226.512,00
		755.040,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do Orzamento provincial para o exercicio 2011.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

17.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO E DEPURACIÓN SENANDE E OS MUÍÑOS” DO CONCELLO DE MUXÍA, INCLUÍDA NA 1ª FASE DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2009. CÓDIGO 09.3300.0077.0.

Aprobar o proxecto reformado da obra "San. e depuración Senande e Os Muíños" do Concello de Muxía, incluída na 1ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009, código:09.3300.0077.0, cun orzamento de contrata de 563.956,18 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, nin das condicións esenciais do contrato, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal, todo isto sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F.propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
09.3300.0077.0	Muxía	San. e depuración Senande e Os Muíños	507.560,56	56.395,62	563.956,18

18.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 21.955 DO 28-11-2011 POLA QUE SE RECTIFICA A MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DA OBRA Nº 165 DO CONCELLO DE PADERNE, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011.

Ratificar a Resolución de Presidencia nº 21.955 do 28-11-2011 pola que se rectifica a modificación da distribución interna do financiamento da obra nº 165 do Concello de Paderne, Incluída no Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, cuxo contido é o seguinte:

"Visto o acordo plenario de 28 de outubro de 2011 desta Deputación polo que se acordou aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, aprobado por acordo plenario do 25 de febreiro de 2011, modificado o 29 de abril de 2011, cofinanciado entre o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública (MPT e AP), Deputación fondos propios e Concello.

Visto o artigo 6 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, que prevé a posibilidade de que a subvención do MPT e AP alcance ata o 40% ou 50% do orzamento de cada proxecto en función do tipo de obra de que se trate.

Visto o escrito da Dirección Xeral de Cooperación Local do MPT e AP recibido nesta Deputación o 25 de novembro de 2011 no que se indica que o importe da subvención estatal da obra nº 165 excede a porcentaxe límite do 50%.

Visto o apartado décimo da Orde APU/293/2006, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais que indica que as Deputacións provinciais deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local a certificación de adxudicación das obras (modelo 3A) antes do 1 de decembro do exercicio correspondente á aprobación do plan.

1.- Rectificar a modificación da distribución interna do financiamento da obra nº 165 do Concello de Paderne incluída no POS 2011 co código: 11.2100.0165.0, que foi aprobada por acordo plenario do 28 de outubro de 2011, no sentido seguinte:

FINANCIAMENTO APROBADO POR ACORDO PLENARIO DO 28 DE OUTUBRO DE 2011:

Concello: Paderne			
Denominación: Mell.pav.v.p.en prrq. Vilamourel, Vigo, Paderne e ou.			
Código: 11.2100.0165.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza

Estado	18.502,62	46.743,95	28.241,33
Deputación fondos propios	70.309,18	42.067,85	-28.241,33
Concello	4.675,19	4.675,19	0,00
TOTAL	93.486,99	93.486,99	0,00

NOVO FINANCIAMENTO:

Concello: Paderne			
Denominación: Mell.pav.v.p.en prrq. Vilamourel, Vigo, Paderne e ou.			
Código: 11.2100.0165.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	18.502,62	46.743,49	28.240,87
Deputación fondos propios	70.309,18	42.068,31	-28.240,87
Concello	4.675,19	4.675,19	0,00
TOTAL	93.486,99	93.486,99	0,00

2.- Remitir o novo modelo 3A cos datos de adxudicación desta obra nº 165 do Concello de Paderne para a súa recepción pola Dirección Xeral de Cooperación Local antes do 1 de decembro de 2011.

3.- Ratificar, se procede, o contido desta Resolución na próxima sesión plenaria que realice esta Deputación.

4.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou as reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos establecidos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral del Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións".

19.-APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2012 E BASES DE EXECUCIÓN.

Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2012, que presenta o Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2012 por importe de 136.998.500,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULO:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	12.617.780,14
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	7.771.040,45
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	8.752.640,34
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	89.707.756,26
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	3.395.104,64
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		122.244.321,83

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	2.600.400,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	3.023.778,17
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		5.624.178,17

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	730.000,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	8.400.000,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		9.130.000,00
<u>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</u>		<u>136.998.500,00</u>

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULO:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	38.656.689,36
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	24.569.340,81
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	1.742.260,09
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	31.661.026,02
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		96.629.316,28

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	11.756.674,00
--------------	---------------------	---------------

CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	15.475.403,62
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		27.232.077,62

3. **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	954.575,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	12.182.531,10
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		13.137.106,10

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **136.998.500,00**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos públicos básicos	1.834.703,20
2	Actuacións protección e promoción social	28.223.442,84
3	Producción bens públicos carácter preferente	18.442.196,15
4	Actuacións de carácter económico	36.954.158,96
9	Actuacións de carácter xeral	37.634.207,66
0	Débeda pública	13.909.791,19
TOTAL DE ORZAMENTO XERAL		136.998.500,00

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme co disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentan reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

20.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS INFORMES CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO, SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE DE 2011 DO CUMPRIMENTO POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) DO ARTIGO CATRO DA LEI 15/2010 DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DO 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Primeiro: Tomar coñecemento dos informes emitidos polo auditor interno da FAEPAC no cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais e na aplicación do principio da transparencia. Xa que é unha fundación pública local participada na súa meirande parte pola Deputación da Coruña.

Segundo: Que a Fundación está a publicar os informes na súa páxina de internet dentro do seu apartado de información económica e contable para dar cumprimento do principio da transparencia.

Terceiro: Que se fixo a súa presentación telemática, cunha sinatura electrónica, na oficina virtual da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais do Ministerio de Economía e Facenda.

Cuarto: Que de acordo co disposto nos artigos 17 e 20 dos Estatutos da FAEPAC, o seu presidente dará coñecemento destes informes ao Padroado na vindeira sesión que celebre se é anterior á da aprobación das contas anuais. Xa que a Disposición adicional terceira da Lei 15/2010 establece que as sociedades terán que publicar dun xeito expreso as informacións sobre prazos de pagos aos seus provedores na memoria das contas anuais. Esta previsión legal desenvólvese polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC) mediante unha Resolución do 29 de decembro do 2010 (BOE número 318, do 31 de decembro) e na contestación dunha consulta publicada no BOICAC número 84/2010.

21.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2011 DO CUMPRIMENTO POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA DO ARTIGO CATRO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido pola secretaria-interventora do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña en cumprimento do establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto no devandito informe.

Segundo: Dispor que haxa unha ligazón na paxina web da Deputación co do Consorcio para que a documentación referenciada no apartado anterior poida ser obxecto do seu exame e consulta polos interesados.

Terceiro: Tomar coñecemento de que o Consorcio está a enviar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda

22.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARANGA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Aranga en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

23.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS AUDITORÍAS DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS: INFORME SOBRE ACTUACIÓNS PENDENTES DO PLAN DE 2010 E SITUACIÓN DO PLAN DE 2011. CONSIDERACIÓNS MÁIS RELEVANTES.

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre o estado das auditorías de control financeiro de subvencións (Plan de 2010 e Plan de 2011), así como das consideracións e conclusións do dito informe.

SEGUNDO.- Que, baixo a dirección da Intervención xeral e con medios exclusivamente propios, respectando plenamente a doutrina do Tribunal de Contas, se continúe coa execución do Plan de auditorías para o exercicio do control financeiro de subvencións, dándolle remate ás actuacións pendentes do ano 2010 e executando todos os expedientes que foron obxecto de elección por sorteo no exercicio 2011, de xeito que esta actividade poida estar completa para elevar ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria que teña lugar no mes de maio de 2012.

TERCEIRO.- Que, tomando en consideración as recomendacións expostas, na medida do posible, se incorporen ás Bases de convocatorias do exercicio 2012 algunhas das medidas propostas.

CUARTO.- Que ao longo do ano 2012 se volvan ofrecer accións formativas destinadas ao persoal directivo e administrativo das entidades non lucrativas, para que coñezan as obrigas dos beneficiarios de subvencións, con especial atención ao cumprimento da normativa contable.

24.-APROBACIÓN DO PROXECTO REDE XIANA 2.

1º.- Tomar coñecemento da subvención concedida polo Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, Resolución de 22 de xuño de 2011, da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial, pola que se resolve a convocatoria 2011 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE) para a execución do proxecto REDE XIANA 2, para proxectos que fomenten pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, sendo o presuposto de execución o seguinte:

- Achega Fondo Social Europeo (FSE):
1.365.028,91 euros
- Achega Deputación da Coruña. Fondos Propios: 500.000,00 euros

TOTAL PROXECTO 1.865.028,91 euros

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto REDE XIANA 2, código: 2011.3.81000.1, sendo a distribución temporal de ingresos a seguinte:

INGRESOS

ENTIDADE	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013	ANO 2014	TOTAL
Deputación da Coruña	11.515,00	248.352,29	209.287,71	30.845,00	500.000,00
Fondo Social Europeo (FSE)	46.060,00	644.574,08	550.514,83	123.880,00	1.365.028,91
TOTAL	57.575,00	892.926,37	759.802,54	154.725,00	1.865.028,91

3º.- Facultar á Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución.

25.-APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E ORGANIGRAMA 2012.

1.- Aprobar as seguintes modificacións no cadro de persoal e relación de postos de traballo e organigramas vixentes:

FOGAR INFANTIL DE FERROL

- Transformación dunha praza e posto de celador/a laboral (V.7) nunha praza e posto de auxiliar educador funcionario (C2,16)
- Incluír o equivalente ao factor de traballo a quendas do específico do persoal funcionario nas retribucións do único posto de cociñeiro laboral que non o ten asignado.

PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- Incluír no complemento específico dun posto de administrativo de administración xeral o factor de “tramitación de anticipos de caixa fixa”.
- Suprimir o factor de “habilitación de anticipos de caixa fixa” do complemento específico do posto de xefe de negociado de subministracións e incluílo no do posto de xefe de sección.

IMPRESA PROVINCIAL

- Unificar as retribucións dos postos de traballo encadrados nos grupos de convenio III.3 e IV.2, “oficial de imprenta”, “corrector”, “gravador de texto”, “impressor” e “oficial industrial

SERVIZO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Transformar 1 praza e posto de “subinspector de tributos locais”, grupo A2, nivel 24, nunha praza e posto de “Inspector de tributos locais”, grupo A1, nivel 26, co factor de especial dedicación

SECRETARÍA PARTICULAR DE PRESIDENCIA E RELACIÓNS PÚBLICAS

- Crear dous postos de secretaría particular de gabinete de Presidencia, grupos C1, nivel 22, escala AX, co factor de especial dedicación e modo de provisión, a libre designación.
- Crear unha praza e posto de secretaría particular de Vicepresidencia, grupo C1, nivel 22, escala AX, co factor de especial dedicación e modo de provisión, a libre designación.

- Crear unha praza e posto de secretaría particular de gabinete, grupo C1, nivel 19, escala AX, co factor de especial dedicación e modo de provisión, a libre designación

TESOURERÍA XERAL

-Amortizar un posto de administrativo de administración xeral, grupo C1, nivel 19

SERVIZO DE FOMENTO

-Amortizar un posto de administrativo de administración xeral, grupo C1, nivel 19

ENXEÑERÍA E MANTEMENTO

- Incluir o factor de “dispoñibilidade festivos” no complemento específico de dous postos de oficial operario de servizos, grupo C2, nivel 16.

- Incrementar nas retribucións totais o equivalente ao factor de “dispoñibilidade festivos” do persoal funcionario, a tres postos de oficial operario de servizos, laborais, grupo IV.3.

SERVIZO DE INFORMÁTICA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, CALIDADE E MODERNIZACION

- Crear un posto e praza de director de área de Organización e Sistemas, grupo A1, nivel 29, co factor de especial dedicación no complemento específico, AX/AE clase, técnico superior, forma de provisión a libre designación.

- Amortizar no actual servizo de Informática, unha praza e posto de auxiliar gravador, grupo C2, nivel 16.

- Amortizar no actual servizo de Organización, Calidade e Modernización, dúas prazas e postos de técnicos superiores de informática, grupo A1, nivel 22.

- Transformar un posto e praza de “preparador de traballos”, grupo C1, nivel 17 nun posto e praza de “administrativo de administración xeral” grupo C1, nivel 19.

- Aprobar a elaboración dun Plan de emprego específico para a reestruturación desta nova Área de Organización e Sistemas

PERSOAL EVENTUAL

- Amortizar un posto de técnico, A2, nivel 21 con especial dedicación.

- Crear un posto de técnico, A1, nivel 24, sen especial dedicación

PAZO DE MARIÑÁN

- Amortizar dúas prazas e postos de camareiros laborais, grupo V.6, un deles co factor de traballo a quendas no complemento específico.

- Amortizar unha praza e posto de axudante de cociña, E,13, con factor de traballo a quendas no específico.

- Amortizar unha praza e posto de camareiro funcionario, E,13

SERVIZOS XERAIS CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO

- Amortizar un posto e praza de sereno (V.4)

CENTRO RESIDENCIAL CALVO SOTELO

- Amortizar un posto e praza de operario de servizos varios (V.10).

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

- Amortizar un posto e praza de auxiliar educador , grupo C2, nivel 16.

- Aprobar os organigramas seguintes




DIPUTACIÓN PROVINCIAL
DE A CORUÑA

ORGANIGRAMAS
2012



DIPUTACIÓN PROVINCIAL




ORGANIGRAMAS DETALLADOS

- | | | | |
|-----|--|------|---|
| 1.1 | SERVICIO DE FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES (ESQUEMA DE UNIDADES) | 26 | SERVICIO DE PLANIFICACIÓN, DESARROLLO TERRITORIAL Y UNIÓN EUROPEA |
| 1.2 | SERVICIO DE FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES | 27 | GABINETE DE PRESIDENCIA |
| 5 | SECRETARÍA GENERAL | 29 | ORGANIZACIÓN Y SISTEMAS |
| 6 | SERVICIO DE GESTIÓN DE PLANES | 30 | SERVICIO DE GESTIÓN TRIBUTARIA |
| 7 | OFICIALIA MAYOR | 31 | SERVICIO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA |
| 8 | SECCIÓN DE ACTAS, REGISTRO E INFORMACIÓN | 32.1 | SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN (CENTRAL) |
| 10 | PARQUE MÓVIL | 32.2 | SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN (ZONAS) |
| 11 | SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN | 33 | TESORERÍA |
| 13 | ASISTENCIA A MUNICIPIOS (ESQUEMA) | 34 | IMPRENTA PROVINCIAL |
| 14 | SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS | 35 | BIBLIOTECA Y ARCHIVO |
| 15 | SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS | 36 | CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA |
| 16 | SERVICIOS INTERNOS | 37.1 | I.E.S. CALVO SOTELO |
| 17 | SERVICIO DE PLANIFICACIÓN Y GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS | 37.2 | C.R.D. CALVO SOTELO |
| 19 | SERVICIO DE VÍAS Y OBRAS | 37.3 | SERVICIOS GENERALES CALVO SOTELO |
| 20 | SERVICIO DE ARQUITECTURA | 38 | I.E.S. PUGA RAMÓN |
| 21 | SERVICIO DE INGENIERÍA Y MANTENIMIENTO | 39 | HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY |
| 22 | INTERVENCIÓN GENERAL | 40 | HOGAR INFANTIL DE FERROL |
| 23 | SERVICIO DE CONTABILIDAD | 41 | PAZO DE MARIÑAN |
| 24 | SERVICIO DE FISCALIZACIÓN | | |
| 25 | SECCIÓN DE PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONÓMICOS | | |






SERVICIO DE GESTIÓN DE PLANES






ACTAS, REGISTRO E INFORMACIÓN






SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN






ASISTENCIA A MUNICIPIOS






SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS






SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS








SERVICIO DE PLANIFICACIÓN Y GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS






SERVICIO DE VÍAS Y OBRAS






SERVICIO DE ARQUITECTURA






SERVICIO DE INGENIERÍA Y MANTENIMIENTO






INTERVENCIÓN GENERAL






SERVICIO DE CONTABILIDAD






SERVICIO DE FISCALIZACIÓN






PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONÓMICOS






**SERVICIO DE DE PLANIFICACIÓN,
DESARROLLO TERRITORIAL Y UNIÓN EUROPEA**






GABINETE DE PRESIDENCIA






ORGANIZACIÓN Y SISTEMAS






SERVICIO DE GESTIÓN TRIBUTARIA






